

PERSONAXE 4: Amancio, da Coruña.

INSTRUCCIÓN AMANCIO

Le en voz alta, para que te escoite o resto de xogadoras/es:

Ola! Son Amancio, teño 55 anos e vivo na Coruña. O meu negocio é a roupa, son o máximo accionista dunha empresa que se chama Inditén. Temos varias marcas: Sara, Estranosvarios, Pesca... Vaille moi ben á empresa, eu non vexo moito á miña familia pero é o prezo que hai que pagar por traballar tanto. Con esforzo todo se pode conseguir e eu son o mellor exemplo: comecei cunha pequena tenda e agora son unha das persoas máis ricas do mundo!

Información de xogo para Amancio

Comezas o xogo con... 5000 puntos.

Cadro 3. *Invistes 1 millón de euros para mellorar o departamento de comunicación de Inditén, coa intención de renovar a imaxe e facer varias investigacións de mercado sobre tendencias. Consegues 200 puntos.*

Cadro 5. *A túa filla acaba de rematar un posgraio na universidade en dirección financeira de grandes empresas. Axudarache na área estratéxica de Inditén. Gañas 250 puntos.*

Cadro 8. *Grazas ás doazóns que realizou Inditén a boas causas, tes dereito a varias reducións no pagamento de impostos. Consegues 2.000 puntos e avanzas 3 cadros.*

Cadro 10. *Os ingresos por venda de roupa en rebaixas son moito menores ao previsto. Perdes 1000 puntos e retrocedes ata o cadro 8.*

Cadro 14. *Consegues o título honorífico como fillo predilecto da vila onde naciches. Consegues 500 puntos e avanzas 2 cadros.*

Cadro 17. *Entérase de que na India, na zona onde Inditén ten contratos con fábricas que confeccionan a súa roupa, se están programando algunhas folgas de traballadoras que esixen un aumento de salario. A prensa internacional recolle a noticia e sinala a Inditén como responsable de poder mellorar estas condicións. Perdes 200 puntos e retrocedes 4 cadros.*

Cadro 21. *Inditén lanza con gran éxito unha nova app de tenda online para o móbil que funciona en máis de 30 idiomas. Non inclúe o galego. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 cadros.*

PERSONAXE 4: Amancio, da Coruña.

Cadro 23. *Promoves a creación dunha asociación internacional de empresas do sector téxtil. Agora poderedes presionar máis os gobernos para conseguir apoio ás grandes empresas do sector da moda. Consegues 500 puntos.*

Cadro 27. *Despois de moito esforzo, consegues que o teu fillo acceda a un posto na xerencia dunha empresa internacional de transporte. Agora o transporte das túas mercadorías sairá moito máis barato. Gañas 300 puntos e avanzas 4 cadros.*

Cadro 30. *O teu fillo termina os seus estudos en publicidade e négase a buscar emprego. Ti pretendías que traballase nun futuro en Inditén e estás moi decepcionado. Perdes 400 puntos e retrocedes ata o cadro 27.*

Cadro 34. *Este ano tes que pagar unha boa suma de impostos que non tiñas prevista, porque subiu a tributación das empresas multinacionais. Perdes 200 puntos e retrocedes 5 cadros.*

Cadro 35. *Ao teu mellor amigo noméano asesor da Ministra de Economía e Empresa. Prometeuche que o teu sector será beneficiado. Gañas 400 puntos.*

Cadro 37. *Grazas ás presións da asociación internacional de empresas do téxtil, báixanse os aranceis para o comercio internacional do algodón, así que Inditén como empresa española poderá mercar a mellor prezo tamén a súa materia prima. Consegues 300 puntos.*

Cadro 41. *As vendas de Inditén dispáranse coa nova liña de algodón ecolóxico. Gañas 1200 puntos.*